

III PLAN DE ACCIÓN 2017-18 DO PROGRAMA INTERNACIONAL GREEN CAMPUS

A. DATOS XERAIS

DATA DE ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN: **10-07-2017**.

DATA DE APROBACIÓN NO COMITÉ AMBIENTAL: **17-07-2017**.

NOME COMPLETO DA PERSOA DE CONTACTO: **Juan Manuel Corbacho Valencia, Vicerreitor do Campus de Pontevedra**

UNIVERSIDADE: **Vigo** CAMPUS E/OU FACULTADE: **Campus da Xunqueira, Pontevedra**

ENDEREZO: **Rúa Don Filiberto, 9-11**

LOCALIDADE: **Pontevedra**

CÓDIGO POSTAL **36002**

TELÉFONO: **986 802 080**

FAX: **986 802 082**

E-MAIL: vic.pon@uvigo.es

B. DIRECTRICES PARA A ELABORACIÓN DO PLAN

- O Plan de Acción elaborado corresponderá ao curso académico polo que as actuacións propostas deberán ser planificadas para que sexan acometidas neste prazo de tempo. No caso de actuacións que requiran máis tempo para a súa execución indicárase ata onde levarán a cabo no curso académico actual.
- Os obxectivos e actuacións que se propoñan deberán ser acordados coas necesidades identificadas na auditoría ambiental previa e realistas en canto a recursos necesarios e prazos de execución.
- Recoméndase que o número de obxectivos propostos non supere os 10, cun máximo de 3 accións por obxectivo, aínda que se poderá xustificar un número maior de actuacións segundo a dificultade de acometer cada unha delas. Os obxectivos deberán abarcar, polo menos, tres temáticas diferentes.

C. BREVE XUSTIFICACIÓN RAZOADA


Resumo do plan, partindo da descrición resumida da situación de partida e xustificación das medidas prioritarias

Do mesmo xeito que nas anteriores versións do plan de acción Green Campus, na elaboración deste terceiro plan de acción tomouse como referente a ecoauditoría, realizada no seu momento de conformidade cos criterios e parámetros facilitados por ADEAC e que permitiu a detección dunha serie de necesidades e disfuncionalidades. Tamén se considerou a experiencia derivada da implementación do I e II Plan de acción 2015-16 e 2016-17. Así, á parte de actuacións novidasas, é posible atopar no III plan accións correctoras, reorientadoras e de axuste axeitadas aos obxectivos prioritarios establecidos. Contémpanse tamén actuacións dos anteriores plans que, ou ben requiren continuidade temporal para a consecución dos obxectivos, ou ben non puideron ser executadas por motivos diversos no período de programación. En último lugar, incluíronse as achegas e propostas efectuadas polas Comisións ambientais de Centro e polo Comité de Xestión ambiental do Campus.

Este III Plan de acción 2017-18 segue a contemplar 8 obxectivos prioritarios e 54 actuacións concretas. Do mesmo xeito que no I Plan de acción 15-16, seguimos criterios pragmáticos e realistas, considerando tanto os recursos necesarios (principalmente os humanos e orzamentarios) como os prazos de execución. Tamén debe ser subliñada, dunha parte, a consistencia existente entre os obxectivos e as actuacións específicas enumeradas no Plan de acción e, doutra parte, a coherencia do propio Plan coa política ambiental e de sustentabilidade da Universidade de Vigo. Por último, de acordo con esa orientación realista e pragmática, tratouse de utilizar os recursos materiais e humanos (alumnos, PDI e PAS) dos diversos centros e servizos presentes no campus como método de lograr implicacións extensas e compromisos sólidos entre os integrantes da comunidade universitaria.

Convén sinalar tamén que algunha das accións de carácter xeral son produto de experiencias iniciadas nos Centros en cursos académicos anteriores.

Seguindo a lóxica inspiradora da elaboración e programación das accións dos plans anteriores, este III Plan de acción combina actuacións materiais, tanxibles e concretas con intervencións intanxibles e xerais. Todas apuntan á consecución dos obxectivos prioritarios do programa, en particular, ao incremento da conciencia e sensibilidade medioambiental.



C. PLAN DE ACCIÓN

OBXECTIVO	ACCIÓN	METODOLOXÍA	RECURSOS NECESARIOS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLE/S	INDICADORES DE SEGUIMIENTO
1. Optimización do consumo de auga e enerxía	1.1 Seguimento e avaliación dos consumos de electricidade e auga para estudar medidas de aforro e eficiencia enerxética	Realización de estudo e análise de deficiencias e proposta de melloras	OMA/Personas Unidade Técnica	2017-2018	Vicerreitoría de Campus/OMA Unidade Técnica	Evidencias documentais
	1.2 Mellora da eficiencia e redución do consumo de auga e enerxía (sensores, focos e lámpadas led...)	Realización de obras de mellora en Centros e edificios do Campus de Pontevedra	Personas Unidade Técnica e Centros	2017-2018 (en execución)	Vicerreitoría de Campus/Unidade técnica/Centros	Evidencia documental (facturas) e gráfica
	1.3 Labor de sensibilización cara o aforro enerxético	Elaboración dun decálogo de consellos ambientais de inverno e de verán e difusión a través de redes sociais	OMA/Vicerreitoría de Campus	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web Vicerreitoría)
	1.4 Instalación de gas natural	Adecuación de instalacións dos Centros para uso de gas natural	Unidade Técnica	2017-2018 (en execución)	Vicerreitoría de Campus/Unidade Técnica	Evidencia documental (facturación)
	1.5 Concienciación sobre a necesidade de evitar deixar os aparellos eléctricos e electrónicos en "Stand By"	Elaboración de material para limitar o uso do "Stand By" como aforro de enerxía	Facultade de Ciencias Sociais de Comunicación	2017-2018	Facultade de Ciencias Sociais de Comunicación	Evidencia documental (vídeo)

2. Redución da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva						
2.1 Redución do uso de papel mediante a reutilización de sobres de correos	Reparto de sobres postais reutilizables de uso interno (continuidade)	Vicerreitoría de Campus	2017-18	Vicerreitoría do Campus	Evidencia documental	
2.2 Concienciar sobre o impacto medioambiental dos RAES	Campaña informativa acerca do impacto dos RAES	OMA	2017-18	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web)	
2.3 Fomento da reciclaxe de pilas e baterías	Deseño e construción de recolectores nos Centros de pilas e baterías	Escola de Enxeñaría forestal	2017-18	Escola de Enxeñaría forestal	Evidencia fotográfica	
2.4 Recollida e tratamento de pilas e baterías	Colocación de recolectores e recollida nos Centros a través de empresa especializada	Escola de Enxeñaría forestal	2017-18	Escola de Enxeñaría forestal	Evidencia fotográfica	

	2.5 Reutilización de papel mediante a elaboración de blocs de notas	Confección de blocs de notas e reparto nos Centros e dependencias administrativas do Campus (continuidade)	Vicerreitoría Campus	2017-18	Vicerreitoría do Campus	Evidencia documental
	2.6 Depósitos de recollida residuos de taller de pintura na Facultade de Belas Artes	Colocación de depósitos para residuos de pintura	Vicerreitoría de Campus	2017-18	Vicerreitoría do Campus	Evidencia document
3. Correcto tratamento e xestión dos RAEE e RPA						
	3.1 Control das cantidades de RAEE	Elaboración de arquivo/documento	Persoal apoio OMA	2017-18	Oficina de Medio ambiente	Evidencia documental (informe)
	3.2 Recompilación dos datos de destino e tratamento dos residuos perigosos	Elaboración de arquivo/documento	Persoal apoio OMA	2017-18	Oficina de Medio ambiente	Evidencia documental
	3.3 Organización da V, VI e VII Semana de recollida de RAEE e RAP	Organización de campañas de recollida e tratamento de RAEEs	Centros e OMA	2017-18	Oficina de Medio ambiente/Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental

4. Mellora da mobilidade e accesibilidade						
	4.1 Mellora accesibilidade a centros e instalacións do Campus	Implantación de medidas correctoras a partir do Plan de accesibilidade elaborado en 2015	Unidade técnica/Centros	2017-18 (en execución)	Centros/Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental
	4.2 Colocación dunha pantalla acústica na Avenida de Compostela	Necesidade de reducir a contaminación acústica no Campus da Xunqueira, en particular, nas facultades CC. Educación e Deporte e CC. Sociais e da Comunicación	Ministerio de Fomento/Vicerreitoría e Campus	2017-18	Vicerreitoría de Campus/Unidade Técnica	Evidencia documental e fotográfica
	4.3 Fomento dos desprazamentos a pé en todo o Campus da Xunqueira “Rutas cardiosaudables”	Ampliación do proxecto “Rutas cardiosaudables” a todo o Campus.	Facultade de CC da Educación (PDI e alumnado)	2017-2018	Facultade de CC da Educación (PDI e alumnado)/Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (fotografías, web)
	4.4 Promoción do desprazamento en transporte público, bicicleta ou a pé en todo el campus	Difusión da iniciativa “Mobilidade verde”	OMA/Vicerreitoría de Campus	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web e carteis)

	4.5 Actividades durante a Semana Europea da Mobilidade, 16-22 setembro 2017	Supresión temporal de tráfico zona central Campus A Xunqueira e realización actividades	Vicerreitoría/Unidade Técnica	2017-18	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (fotografía)
	4.6 Mellora de mobilidade mediante a implantación do servizo de préstamo de bicicletas a membros da comunidade universitaria	Xestión do Préstamo de bicicletas da UVigo no Campus de Pontevedra	Vicerreitoría	2017-18	Vicerreitoría de Campus	Evidencia fotográfica
	4.7 II Campaña para incentivar o uso de das escaleiras en lugar do ascensor.	Elaboración de carteis/paneis co custe do uso de ascensor	Centros e edificios del Campus	2017-2018	Unidade técnica/OMA/Vicerreitoría	Evidencia documental (fotografías)
	4.8 Posta a disposición das conserxerías dos centros de bicicletas para uso durante xornada laboral	Adquisición de bicicletas	Vicerreitoría	2017-18	Vicerreitoría de Campus	Evidencia fotográfica
	4.9 Campaña de promoción de estilos de vida activos no traballo e no estudio	Confeccionar unha campaña de difusión	Área de Benestar, Saúde e Deporte	2017-18	Área de Benestar, Saúde e Deporte	Evidencia documental

5. Biodiversidade, reforestación e axeitamento de zonas verdes	5.1 Promoción das zonas verdes do Campus e incremento da súa calidade (plantación de árbores e flores)	Continuación da adecuación das zonas verdes do Campus	Unidade Técnica/OMA	2017-18	Vicerreitoría de Campus/Unidade técnica/OMA (Servizo de Xardinería)	Evidencia documental (facturas de traballos realizados e fotografía)
	5.2 Construción de caixas niño de madeira	Colocación de caixas niño no entorno dos centros e colaboración con entidades	Escola Enxeñaría Forestal	2017-18	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (fotografía)
6. Compra verde, comercio xusto e consumo responsable	6.1 Integración de criterios de sustentabilidade para a compra de bens e produtos	Elaboración de guía de criterios aplicables nos diversos ámbitos e distribución entre os responsables de compras situados no Campus	Asistencia da OMA e Administración de Campus	2017-18	Vicerreitoría de Campus/Administración de Centros	Evidencia documental
	6.2 Compra pública verde	Elaboración de guía de boas prácticas e difusión entre responsables de compras	Asistencia da Administración de Campus (PAS)	2017-18	Vicerreitoría de Campus/Administración de Centros/OMA	Evidencia documental

7. Participación, sensibilización e voluntariado ambiental	7.1 Fomento da implicación e sensibilización da comunidade universitaria en materia ambiental	Difusión a través de DUVI e redes sociais de actuacións Green Campus e de novas relacionadas co medio ambiente	Responsable prensa DUVI <i>Community manager</i> Vicerreitoría	2017-2018 (en execución)	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental
	7.2 Creación de plano de árbores do Campus	Elaboración de plano con localización de árbores (Green campus)	Escola de Enxeñaría Forestal (PAS/alumnado)	2017-18	Escola de Enxeñaría Forestal (PAS/alumnado)	Evidencia documental (fotografía)
	7.3 Rotulaxe de denominación de árbores	Elaboración de carteis en madeira (datos básicos) con imaxe corporativa da UVigo e Green Campus	Escola de Enxeñaría Forestal (PAS/Bolseiro Green Campus)	2017-18	Escola de Enxeñaría Forestal	Evidencia documental (fotografía)
	7.4 Reparto de <i>flyers</i> para realización de campaña divulgación en los centros del programa Green Campus	Realización de campaña difusión del programa Green campus	Bolseiros Vicerreitoría e OMA	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental
	7.5 Concurso de fotografía ambiental no Campus de Pontevedra	Convocatoria de concurso a través das redes sociais	Vicerreitoría de Campus	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web)

	7.6 Divulgación entre o alumnado Campus do Programa Green Campus	Mini-presentacións realizadas, preferentemente, a alumnado de 1º curso en cada un dos centros	Vicerreitoría de Campus/OM A	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web)
	7.8 Compromiso medioambiental “Ecodocentes”	Sinatura individual por parte de profesores/as do compromiso medioambiental	Vicerreitoría de Campus	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web)
	7.9 Compromiso medioambiental “ecoestudiantes”	Sinatura individual por parte de alumnos/as do compromiso medioambiental	Vicerreitoría de Campus	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web)
	7.10 Obradoiro de elaboración de xabóns artesanais	Aprendizaxe de técnicas específicas de elaboración	Facultade de Fisioterapia	2017-2018	Facultade de Fisioterapia	Evidencia documental (web)
	7.11 Queremos SaudArte dende o Green Campus	Experiencia de arte postal	Facultade de Fisioterapia	2017-2018	Facultade de Fisioterapia	Evidencia documental (web)
	7.13 Estratexia para a diminución da pegada de carbono	Fomento do desprazamento activo, fomento do uso do coche compartido....	Facultade Ciencias da Educación e do Deporte	2017-18	Facultade Ciencias da Educación e do Deporte	Evidencia documental

	7.14 Proxecto Barraca Verde-Claqueta verde	Exposición de fotografía	Vicerreitoría de Campus	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web)
	7.15 Proxecto Barraca verde-Claqueta verde	Proxección de longametraxes	Vicerreitoría de Campus	2017-2018	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental (web)
	7. 16 Reparto de <i>compost</i> obtido da transformación de residuos das cociñas e cafeterías da Facultade de CC. Sociais e da Escola Enxeñaría Forestal	Distribución periódica de bolsas de <i>compost</i> entre os membros da Comunidade universitaria	Deputación de Pontevedra/Vicerreitoría de Campus/OMA	2017-18	Deputación de Pontevedra/Vicerreitoría de Campus/OMA	Evidencia gráfica
	7.17 Convocatoria de bolsa formación complementaria para o estudiantado na Escola de Enxeñaría Forestal	Bolsa Green Campus	Vicerreitoría de Campus	2017-18	Vicerreitoría de Campus/Escola de Enxeñaría Forestal	Evidencia documental
	7.18 Basurama	Difusión mediante medios audiovisuais, imaxes... da labor do colectivo Basurama	Vicerreitoría de Campus	2017-18	Vicerreitoría de Campus	Evidencia documental
	7.19 Charlas informativas sobre a reciclaxe coas presentación de curso.	Difusión entre alumnado do Programa Green Campus e da reciclaxe	Facultade de Belas Artes	2017-18	Facultade de Belas Artes	Evidencia fotográfica/folla de sinaturas

	7.20 Substitución de luminarias por luces led nas áreas de maior horas de uso.	Instalación de luminarias de baixo consumo (led)	Facultade de Belas Artes	2017-18	Facultade de Belas Artes/Unidade Técnica	Evidencia documental
	7.21 Substitución de luminarias por luces led nas áreas de maior número de horas de uso.	Cambio de lámpadas fluorescentes por led.	Facultade de Belas Artes	2017-18	Facultade de Belas Artes/Unidade Técnica	Evidencia documental
	7.22. Campaña de concienciación da utilización das escaleiras no canto do ascensor	Concienciar e visibilizar o uso que se lle podería dar aos cartos aforrados.	Facultade Ciencias Sociais e da Comunicación	2017-18	Facultade Ciencias Sociais e da Comunicación	Evidencia documental
	7.23. Campaña interna do Centro a prol da reciclaxe	Incrementar a conciencia sobre a importancia da reciclaxe no día a día	Facultade Ciencias Sociais e da Comunicación	2017-18	Facultade Ciencias Sociais e da Comunicación	Evidencia documental
8. Política de sustentabilidade						

	8.1 Implantar boas prácticas de sustentabilidade en tarefas administrativas	Elaboración de catálogo participativo de boas prácticas administrativas	Dirección Área Planificación y responsables de compras de centros e PAS	2017-18	Vicerreitoría de Campus/Administración de centros	Evidencia documental
	8.2 “Sustentabilidade con perspectiva de xénero”	Realización de estudo e investigación sobre esta temática	Facultade Ciencias da Educación e do Deporte	2017-18	Facultade Ciencias da Educación e do Deporte	Evidencia documental
	8.3 Sistema de redución del uso de papel	Adopción de medidas operativas e de sensibilización para a redución do uso de papel	OMA/Vicerreitoría de Campus	2017-18	Vicerreitoría de Campus/OMA	Evidencia documental